



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol, para a formalización da encomenda de xestión da explotación, mantemento, conservación do sistema de saneamento e depuración do Concello de Ferrol

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica a través do cal, xunto coa Consellería competente en materia de augas e co Consello da Xunta de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de auga e obras hidráulicas.

Entre outras competencias, a esta entidade correspóndelle, entre outras, a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d) da Lei 9/2010, do 4 de novembro de augas de Galicia).

2 As actuacións precisas para a “Depuración e Vertido de Ferrol” declaráronse de interese xeral do Estado pola Lei 22/1997, de 8 de xullo.

O 09.12.1999, subscribiuse un Protocolo Xeral de Colaboración entre el Ministerio de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para o desenvolvemento de determinadas obras hidráulicas na Comunidade Autónoma de Galicia, entre as que se incluíu a actuación para a “Depuración e Vertido de Ferrol”.

Pola Lei 10/2001, do 15 de xullo, aprobouse o Plan Hidrolóxico Nacional, no que se declarou de interese xeral a “Conducción de augas residuais, Depuración e Vertido de Ferrol”. Estas obras comprendían as seguintes actuacións:

- Emisario Submarino de Cabo Prioriño.
- E.D.A.R. de Cabo Prioriño.
- Emisario terrestre: A Malata-E.D.A.R. de Cabo Prioriño.
- Cruce e Impulsión da Malata (incluído o Colector no Muelle de Fernández-Ladreda).

En relación coas citadas actuacións se asinaron os seguintes convenios de colaboración:

- O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora de depuración e vertido de Ferrol, asinado o 17.09.2003.





- O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora de depuración e vertido de Ferrol: EDAR de Cabo Prioriño, asinado o 19.09.2005.
- O convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte para o financiamento, execución e explotación das obras de mellora de depuración e vertido de Ferrol: emisario submarino de Cabo Prioriño, asinado o 28.12.2007.

De acordo co estipulado nos convenios enriba citados, a Confederación, unha vez recibidas definitivamente as obras entregounas para o seu uso público, nas condicións establecidas a través dun convenio de colaboración tramitado no ano 2013 entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Augas de Galicia.

Augas de Galicia e o concello de Ferrol subscribiron un convenio, cuxo obxecto foi a formalización da entrega das instalacións do sistema de saneamento e depuración dos Concellos de Ferrol e Narón por parte de Augas de Galicia a favor do concello de Ferrol, así como determinar as condicións que rexerían dita encomenda de xestión para a explotación, manutención e conservación do citado sistema de saneamento e depuración; encargándose o concello de Ferrol da xestión desta explotación ata a actualidade.

3 Agora tense previsto formalizar co Concello de Ferrol o instrumento convencional arriba referido. O período de vixencia será efectivo dende a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante un ano ou:

- a) ata que se formalice o correspondente convenio de colaboración entre Augas de Galicia e os Concellos de Ferrol e Narón para determinar as condicións que rexerán a encomenda de xestión para a explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración das instalacións e formalizar as obrigas das partes durante a explotación,
- b) ata que un órgano de xestión supramunicipal asuma a explotación do sistema de saneamento e depuración de referencia.

De non darse ningunha destas circunstancias, o convenio entenderase prorrogado por períodos dun ano, ata un máximo de catro, salvo denuncia, cunha antelación de seis meses, de calquera das partes.

4 O convenio ten por obxecto determinar as condicións que rexerán a encomenda de xestión para a explotación, mantemento e conservación do sistema de saneamento e depuración das instalacións descritas no Anexo I do convenio.

5 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

O artigo 30 da Lei de augas de Galicia no marco da cooperación entre administracións, prevé a posibilidade de que as entidades locais e Augas de Galicia acorden a explotación de infraestruturas a través de convenios.





O Concello de Ferrol ten competencias en saneamento e depuración de conformidade co artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 5 da lei 4/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece a posibilidade de que os órganos administrativos ou as entidades de dereito público podan encomendar a outros órganos ou entidades da mesma ou de distinta administración, a realización de actividades de carácter material ou técnico, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

A formalización deste convenio non supón ningún gasto para Augas de Galicia, polo que non precisa consignación orzamentaria.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

O director de Augas de Galicia

Roberto Rodríguez Martínez

(asinado dixitalmente)

